<p>BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p>	<p>b,</p>	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar e formulación de hipóteses sobre o seu contido e contexto. - Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación e hipótese sobre o contido de textos escritos breves do seu interese e adaptados á súa idade. - Deducir o significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e co contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións. - Recoñecer textos breves, propios ou alleos de situacións cotiás próximas á súa experiencia como invitacións, felicitacións, notas, carteis... - Recoñecer o léxico, formas e estruturas breves escritas propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas. - Captación da idea global e identificación de elementos específicos en textos escritos situacións cotiás próximas á experiencia, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto. - Lectura menos guiada e escritos. comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura. - Usar progresivamente o dicionario bilingüe, biblioteca da aula e as tecnoloxías da información e da comunicación para ler (webs infantís e xuvenís, programas multimedia, correo electrónico). 	<ul style="list-style-type: none"> -Lectura e creación de diferentes tipos de texto con técnicas de escritura creativa e de redacción próximos á súa realidade. -Listening. -Dictation. -Reading. -Recreación de textos para contextos comunicativos próximos. -Uso do dicionario e elaboración dun propio.

		<p>B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais: - Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira.. - Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @. 	
<p>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p>	<p>b,</p>	<p>B4.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, notas, dramatizacións ... - Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos (a quen vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador ou a revisión do texto para a súa corrección. - Usar progresivamente o dicionario bilingüe e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado. - Execución: - Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital. - Compensar as carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual e bilingüe do alumnado, biblioteca de aula e materias dixitais para reproducir mensaxes escritas sinxelas. - Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura. - Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras. - Elaborar informacións en ficheiros, libríños... textos breves escritos afíns aos seus intereses e experiencias, cunha intención comunicativa. - Reproducir a forma gráfica certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma. 	<ul style="list-style-type: none"> -Lectura e creación de diferentes tipos de texto con técnicas de escritura creativa e de redacción próximos á súa realidade (convites, felicitacións, notas, receitas, carteis, contos, breves historias, comics...). -Dictation. - Manexo dun procesador de texto e ferramentas de axuda para a corrección lingüística(corrector ortográfico, dicionario en rede e en papel...)

		<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para á aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos e os espazos da aula, calendario, normas de xogos, cartafol colectivo...). - Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para producir textos e presentacións, recompilar e transmitir información. <p>B4.2. Patróns gráficos, covencións ortográficas e de puntuación elementais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación). - Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son, coñecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira. - Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, £ @. 	
<p>BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL</p>	<p>b,</p>	<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. - Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. - Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación. - Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. <p>B5.2. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais. - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre 	<ul style="list-style-type: none"> -Visualización de dvd's e reportaxes da realidade cultural inglesa: Festas, costumes, lugares... -Fichas e proxectos de traballo sobre a realidade cultural inglesa.

- aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.
- Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa.
 - Descrición de si mesmo/a.
 - Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado.
 - Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc.
 - Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado.
 - Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.
 - Expresión de instrucións habituais e indicacións de dirección, en afirmativa e negativa.
 - Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala.
 - Expresión de existencia.
 - Realización de preguntas sobre a existencia de algo.
 - Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.
 - Expresión da información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.
 - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data etc.
 - Realización de preguntas e respostas sinxelas indicando a identificación e localización de persoas, de obxectos e de lugares...
 - Realización de preguntas e respostas sinxelas en relación a operacións de compravenda.
 - Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.
 - Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.
 - Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.
 - Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.
 - Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.
 - Descrición de persoas, plantas e animais.

- Expresión de desexos.
- Formulación de preguntas sobre o desexo.
- Expresión de instrucións.
- Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.

B5.3. Estructuras sintáctico-discursivas:

-Saúdos, agradecementos, despedidas... (Hi, See you, How are you? I'm fine, thanks...).

-Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I'm (bored), What's your favourite (sport)? My favourite (sport) is..., (What's his/her favourite (subject)? His/her favourite (subject) is..., When is your birthday? My birthday is on (August 2nd)...).

- Expresión de sorpresa, agrado... (What fun!; How nice!...).

- Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa (Where are you from?, I'm from..., Are you from...? Yes, I am/No, I am not, Is he/she from...? Yes he/she is/No, he/she isn't..., Are you (Portuguese)? Yes, I'm/No, I am not)).

- Preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado (Are you...?, Yes, I am/No, I'm not, Is he/she...? Yes, he/she is/No, he/she isn't, Were you...?, Yes, I was/No, I wasn't, Was he/she...? Yes, he/she was/No, he/she wasn't).

- Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.

- Descrición dun mesmo/a (I've got (blue eyes) and (dark hair, I'm (a nurse)).

- Preguntas e respostas curtas, en primeira e terceira persoa de singular, sobre actividades diarias, de lecer etc. (Do you (play tennis)?, Yes, I do / No, I don't).

- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás no pasado (I (played) computer games yesterday, I didn't play...).

- Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións habituais, actividades diarias, de lecer etc. (I (have lunch((at half past eight), I (listen to music), I don't...).

- Preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir accións que se realizan no mesmo instante no que un fala (What are you doing?, I'm (playing), What is he doing?, She's/he's (speaking)).
- Expresión de instrucións habituais e indicacións de direccións, en afirmativa e negativa (Fold (the paper), turn (on the left)).
- Expresión de existencia (There is a (library) / There are lots of (parks) / There isn't / There aren't...).
- Preguntas e respostas sobre a existencia de algo (Is there a (cinema)?, Yes there is, No there, isn't, Are there lots of (gyms)?, Yes there are, No, there aren't).
- Expresión da información (I've/I haven't got (English) on (Friday)...).
- Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas (What date is it today?...).
- Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where's is it?, It's in/on/under/next to).
- Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000. e 1st (1st), twentyfifth (25th)...
- Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It's (one) pound and (fifty) cents).
- Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many... are there?).
- Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don't).
- Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don't like (chips)).
- Realización de preguntas e respostas sobre habilidades (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I can't). - Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play the piano), I can't (play the trumpet)).
- Identificación das pezas de roupa (I'm wearing, he/she's wearing).
- Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What's she/he wearing?, Who's wearing (shoes)?). - Expresión de desexos (I want to (make a cake)).
- Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).

- Realización de preguntas e respostas curtas (What's this?, It's...).
- Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a posesións persoais, cores, números cardinais ata o 1000 e ordinais ata dous díxitos, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, roupa, adxectivos para describir persoas, lugares e obxectos, países, nacionalidades, continentes, profesións, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre e de lecer, instrucións habituais e indicacións de dirección, lugares da cidade, medios de transporte, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, estacións do ano, accións, instrumentos musicais, materiais, animais, membros da familia, partes do corpo e da cara, e partes da casa.

Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

1. Probas escritas e/ou orais.
2. Follas de rexistro individualizadas.
3. Observación sistemática durante e ao final da realización das tarefas (tanto físicas como online). Recolleremos aspectos relevantes que afectan ao desenvolvemento das tarefas. Erros e ruídos frecuentes, grao de adecuación ao traballo colaborativo, resposta ante reforzos positivos, traballo fóra da casa, organización, uso dos contidos, adquisición das competencias.
4. Caderno de clase do alumnado.
5. Fichas de traballo ou produtos elaborados polo alumnado.
6. Activity Book e traballo online, tanto na plataforma dos libros de texto como na aula virtual.

ÁREA

EA

Instrumento de avaliación
(incluíndo o criterio de corrección, si é o

		caso)
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet.	1, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, peticións, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con claridade e que contén con apoio visual en soporte papel ou dixital.	1, 2, 3, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.	1, 2, 3, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.4. escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper.	1, 2, 3, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.5. Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación.	1, 2, 3, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.1. Participa de forma activa en situacións reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	1, 2, 3, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais.	2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.	1, 2, 3, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.4. Produce textos orais propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia.	1, 2, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo.	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións dos seus compañeiros/as.	2, 3
PRIMEIRA	PLEB2.7. Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento	1, 2, 3

LINGUA ESTRANXEIRA	enriquecedor.	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles.	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	1, 2, 3, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.	1, 2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLB3.5. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento.	2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLB3.6. Formula hipóteses sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas.	2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.	2, 3, 4, 5.
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.8. Aмосa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos.	2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB3.9. Aмосa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos.	2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral.	1, 2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas.	1, 2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas, avisos).	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA	PLEB4.4. Aмосa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e	2, 3

LINGUA ESTRANXEIRA	presentacións e transmitir información escrita.	
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.6. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics o descrições de lugares, gustos ou afeccións)	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.7. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata ...).	2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.8. Uso do dicionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos.	2, 3, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB4.10. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica.	1, 2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividade...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.	1, 2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura.	2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.2. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.	2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente.	2,3
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos.	1, 2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.5. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación...	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	B5.6. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer...	1, 2, 3, 4, 5

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.7. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras.	1, 2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.8. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións... de si mesmo/a e doutra persoa.	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.9. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula.	1, 2, 3, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.10. Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	1, 2, 3, 4, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos.	1, 2, 4, 5, 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.12. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula.	1, 3
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente.	1, 2, 3
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.	2, 3, 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas.	3, 5

Temporalización

1º Trimestre: starter unit, unit 1 e unit 2. Festivals: Halloween, Christmas.

2º Trimestre: unit 3 e unit 4. Festivals: Peace Day, Carnival e Easter.

3º Trimestre: unit 5 e unit 6.

5. Concrecións metodolóxicas

Combinaremos un conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas (consciente e reflexiva) coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados dun xeito motivador e establecendo un clima de confianza:

-Segundo o protagonismo combinaremos unha metodoloxía expositiva (o profesorado é o protagonista da exposición en determinados momentos da elaboración das diferentes aprendizaxes), participativa, cooperativa (con dinámicas de aprendizaxe cooperativa entre o alumnado) e individual (enfrentamento á resolución de tarefas para ver coñecementos previos e/ou adquiridos).

-Organizaremos os diferentes momentos de aprendizaxe en: grupos fixos por veces e flexibles outras, traballo por parellas e individual.

-A secuenciación do traballo organizarémola en unidades didácticas que levarán un proxecto con varias tarefas que terán actividades e exercicios. Os contidos dos proxectos responderán ás unidades marcadas polo libro de texto mais orientarémolas cara a proxectos de traballo, investigación, creación de producións orais e escritas... que dean resposta á dimensión comunicativa da lingua.

-Nas unidades traballaremos talleres para as producións orais e escritas e ás veces dividiremos a aulas ou os espazos de traballo en rincóns (diferentes lugares de traballo).

-O espazo será variado segundo a unidade mais traballaremos (sempre que sexa posible segundo a evolución dos acontecementos): na aula específica de inglés, porque dispoñemos de pantalla dixital (rincóns de traballo, obradoiros, agrupamentos diversos (mesas individuais, parellas, grupos, en forma de U), na aula TIC; na biblioteca, nos corredores do centro e no patio da escola.

-Os recursos cos que contaremos serán variados: libros de textos e cadernos de traballo (editorial Oxford), material complementario para o método de Oxford, fichas de elaboración propia do profesorado, folletos, mini-books elaborados polo alumnado, libros e revistas, fichas doutros libros de texto para o mesmo nivel educativo.

-Dinámicas de xogo que se agruparán ao longo do curso nos rincóns e na elaboración de xogos propios.

-Enfoque comunicativo e tratamento globalizado das actividades e destrezas lingüísticas facendo especial fincapé na oralidade, iniciación a o procesamento semántico e sintáctico da lingua e na consciencia intercultural.

-Uso contextualizado da lingua en situacións comunicativas que lle son próximas nas que usemos a lingua en situacións reais e motivadoras para o alumnado.

6. Materiais e recursos didácticos

- All About Us 5 - Oxford University Press

Guía Didáctica, Class Book, Activity Book, Progress Booklet Book, Pupil's MultiRom, CD, Teacher's Resource Pack and CD-ROM, Caderno de avaliación, DVD.

- iPack, con material para a presentación e práctica nos taboleiros interactivos.
- Recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula.
- Material elaborado pola mestra.
- Material TIC como cancións, vídeos, actividades e xogos.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Empregaremos procedementos de avaliación variados e incorporaremos estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación.

Os distintos procedementos de avaliación utilizables son: a observación sistemática do traballo dos alumnado, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase que nos permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

- * Observación sistemática das actividades, participación, cooperación e actitude do alumnado.
- * Revisión dos traballos, cadernos de clase, fichas de exercicios, lecturas, produtos finais dos proxectos ou tarefas.
- * Diálogos e entrevistas para coñecementos e seguimento dos avances na aprendizaxe dos contidos das diferentes unidades.

- * Autoavaliación do alumnado nas actividades do caderno e exercicios da pizarra.
- * Actividades para control ou avaliación final da unidade centradas nos criterios de avaliación.

Criterios de cualificación

Levarase a cabo unha avaliación inicial, continua e sumativa.

A cualificación do alumno/a nos diferentes trimestres virá derivada da aplicación dos seguintes criterios:

- Activity Book, caderno e fichas escritas (tanto físicas como online): 25%
- Presentacións orais, diálogos e outros traballos: 25%
- Proba escrita e oral: 25%
- Participación e comportamento (físico como online): 25%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS	%
Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas.	Realización de probas escritas avisadas con tempo e realizadas con certa periodicidade	25,00%
Realización do traballo na aula: Realización adecuada do traballo Organización dos materiais. Presentación do caderno.	Caderno. Activity book (físico e online) Rexistro de actividades de clase (física e virtual) Corrección de actividades (físicas e online) Organización dos materiais.	25,00%

Realización do traballo na casa: deberes, traballos específicos e traballos voluntarios.	<ul style="list-style-type: none"> - Rexistro de entrega de deberes en tempo (físicos e online) - Realización de traballos voluntarios (recensión libros lidos, participación xogos de lóxica producións persoais) 	25,00%
Valoración da actitude na aula: <ul style="list-style-type: none"> • Interese • Escoita • Participación • Esforzo 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de participación (física e oline) • Rexistro de actividade na aula (física e virtual) 	25,00%

Actividades de recuperación e reforzo para lograr a recuperación.

Planificaremos actividades adicionais para o alumnado que non consiga os obxectivos mínimos e o desenvolvemento das competencias para conseguir a recuperación.

As actividades planificarémolos en base ás carencias detectadas e para iso usaremos fichas de traballo.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

INDICADORES	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				

4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

9. *Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados*

As primeiras semanas do curso revisaremos o coñecemento dos contidos de cursos anteriores e daremos a coñecer os personaxes que nos van acompañar ao longo do curso. Tamén faremos diferentes interaccións orais para así coñecer o nivel de coñecemento da lingua por parte do alumnado.

10. *Medidas de atención á diversidade.*

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, incídese na necesidade de non só considerar as diferenzas daqueles/as alumnos/as que requiren dunha atención máis específica e concreta, senón tamén as do resto do alumnado que compón a clase. A totalidade do alumnado contribúe dunha maneira ou doutra a aumentar a diversidade da aula e polo tanto a enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe.

É por isto que esta atención á diversidade será ao longo do curso e con especial atención despois de realizar a avaliación inicial do grupo e de cada trimestre. Estarei en contacto co departamento de orientación e coa titora do grupo de maneira permanente, coa intención de atender calquera necesidade que se presente.

11. *Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso*

<i>Elemento transversal / Materias</i>	<i>Valores</i>	<i>Naturais</i>	<i>Sociais</i>	<i>Lingua</i>	<i>Lengua</i>	<i>Matemáticas</i>
Coprensión lectora	x	x	x	x	x	x

Expresión oral e escrita	x	x	x	x	x	x
Comunicación audiovisual		x	x	x	x	
Tecnoloxías da información e comunicación	x	x	x	x	x	x
Emprendemento	x	x	x	x	x	x
Educación cívica e constitucional	x	x	x	x	x	
Calidade, equidade e inclusión educativa	x	x	x	x	x	x
Valores:						
Desenvolvemento sostible e o medio ambiente	x	x	x	x	x	
Prevenção do mal uso das TIC	x	x	x	x	x	x
Actividade física e dieta equilibrada	x	x	x			
Traballo en equipo, autonomía e confianza en un mesmo e sentido crítico	x	x	x	x	x	x
Educación e seguridade vial	x	x	x			

12. Actividades extraescolares e complementarias

Participarase nas actividades que organice o centro.

13. Aplicacións dos plans e proxectos do centro

Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia

Baseámonos no plan de convivencia do centro para establecer as distintas accións que se levaran a cabo durante o presente curso. A continuación faremos un resumo referente ás mesmas:

- Cumprir as normas de convivencia do centro, aula, ximnasio, pistas polideportivas, biblioteca, sala de informática e música.
- Comportarse de forma axeitada durante os recreos respectando os espazos onde se leven a cabo estes (patios, sala de usos múltiples, recuncho dos xogos...) e cambios de clases.
- Resolver os conflitos de xeito pacífico por medio do diálogo.
- Asistir a clase con puntualidade xustificando as faltas de asistencia.
- Respectar o mobiliario os materiais e as instalacións do centro
- Respectar ao profesor e aos compañeiros e as novas normas sanitarias impostas pola situación actual.
- Non estragar nin desaproveitar os recursos enerxéticos.

Accións de contribución ao Plan TIC do centro

Manexo do procesador de textos e de todas as potencialidades para a comunicación escrita, uso do cd rom interactivo e outro material online do proxecto e uso da aula virtual..

Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro

Ao longo deste curso na nosa materia prestaráselle unha grande importancia á comprensión oral, polo que se intentará favorecer o desenvolvemento de actitudes favorables á mesma; así como a escritura, potenciando unha actitude positiva como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal. Utilizaremos tanto a biblioteca da aula de inglés, como a biblioteca do centro.

Accións de contribución ao Proxecto anual do centro

Este ano no centro realizarase un proxecto relacionado con Xulio Verne e tres das súas obras: “Viaxe ao centro da Terra”, “Vinte mil leguas de viaxe submarina” e “Da Terra á Lúa”, e dende a área de inglés participarase e colaborarase na medida do posible e en todo o que se requira polas titoras. Así mesmo dende a aula de inglés terase en conta o proxecto á hora de realizar diferentes actividades de aula.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Para avaliar os procesos de ensinanza, é necesario o deseño duns indicadores de logro. Desta maneira, e tendo en conta tamén a avaliación do alumnado, poderei avaliar o meu propio traballo como mestre, identificando o que funciona ben e o que funciona mal, e elaborando plans de mellora que poida aplicar durante o mesmo curso. Estes indicadores de logro son os seguintes:

- A coordinación co resto do profesorado é a adecuada, ofrecendo estratexias metodolóxicas e didácticas consensuadas.
- Levo a cabo metodoloxías activas e contextualizadas que contribúen á adquisición das competencias clave por parte do alumnado e promoven a súa inclusión mediante o traballo en equipo.
- Teño en conta a experiencia persoal do alumnado e plantexo situacións ou problemáticas habituais do seu contorno inmediato.
- As actividades plantexadas son significativas para o alumnado e promoven a súa participación.
- Incorporo a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación de maneira efectiva no proceso de aprendizaxe.
- Deseño diferentes tipos de materiais didácticos adaptados aos diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe, atendendo así á diversidade.
- A organización do espazo no que se desenvolven as actividades é axeitada.
- Teño en conta a coherencia entre os distintos niveis da etapa.

- Presto os adecuados asesoramentos e apoios para o alumnado con NEAE.
- Levo a cabo actividades que fomentan a interacción entre o alumnado e o traballo cooperativo.

Neste caso, o instrumento que utilizarei para a avaliación da miña práctica docente serán o diario de aula (no que irei recollendo todas as observacións relacionadas cos indicadores de logro citados anteriormente). A partir do escrito no diario de aula, anotarei todos aqueles aspectos a mellorar. Tamén farei unha análise de cada sesión ao inicio e ao final, de forma que poida comparar o pensado co realmente realizado e así poder mellorar os aspectos necesarios co fin de realizar un bo traballo cada día e aprender dos posibles erros de plantexamento.

15. Medidas excepcionais

Debido á situación sanitaria actual, este curso deberanse tomar unha serie de medidas excepcionais para así podernos adaptar a diferentes circunstancias.

O primeiro será ter en conta o nivel do alumnado de forma individual. Para isto realizarase á principio de curso, como cada ano, a avaliación inicial e un plan de reforzo, segundo a circunstancia individual de cada neno ou nena. Ao longo do primeiro trimestre repasaranse contidos do curso anterior e reforzaranse aqueles que sexan necesarios. Reforzaranse as aprendizaxes adquiridas e impartiranse as que puideran ter quedado sen adquirir do curso anterior, atendendo á individualidade e circunstancias de cada alumno e alumna. Tamén se traballarán as Tics para ensinarlle ao alumnado o uso das ferramentas ao seu alcance. Estas son a aula virtual do centro e os recursos online que nos ofrece o libro de texto para así, en caso de ter que realizar algunha corentena ou non poder asistir ao centro, poderase seguir o curso lectivo. Deberemos ter en conta as circunstancias de cada familia e a realidade territorial, xa que a cobertura non é boa nesta zona e non sempre é doado conectarse a internet. Por este motivo o alumnado disporá dos libros de texto tanto físicos como online para adecuarnos mellor a cada circunstancia individual. En caso de ser necesario, a avaliación realizarase a distancia tendo en conta o traballo e interese do alumno ou alumna e a realización de actividades e tarefas específicas para este propósito.

As canles que empregaremos para a comunicación serán abalar e o e-mail e tamén empregaremos a aula virtual e os recursos do libro para o seguimento das clases. Como medida excepcional o centro decidiu que o alumnado terá os libros de texto na casa para así, en caso de necesitalos, que non sexa un problema telos no centro. Tamén evitamos ter máis materiais na aula, como medida de precaución ante un posible contaxio

Este curso escolar, a actividade lectiva terá lugar na aula específica de Inglés nos cursos de Primaria e nas aulas ordinarias no caso de Infantil, para así evitar desprazamentos necesarios.